

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN BASES CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOUS POSTOS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2018)

EXPEDIENTE: 2018/G003/000082

O Concello de San Sadurniño solicitou unha subvención ao abeiro das Bases de axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) publicadas no DOG núm. 26 do 06/02/2018.

Con data do 29 de maio de 2018 a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria comunicou ao Concello de San Sadurniño a resolución favorable de concesión da devandita subvención por importe de 22.500 euros, correspondentes aos custos salariais, máis as cotizacións empresariais que correspondan para a contratación de dúas persoas Especialistas forestais durante 9 meses a xornada completa.

Tal e como figura no informe emitido en data 6 de xuño de 2018 por Secretaría-Intervención (informe número 19/2018) *“Con carácter previo á análise da cuestión exposta, é preciso sinalar que no momento da emisión deste informe aínda non foron aprobados os orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2018, en consecuencia, e tendo en conta que non consta resolución do Estado en contra, esta intervención entende prorrogado para o exercicio 2017 as previsións en materia de contratacións de persoal laboral e ao nomeamento de funcionarios interinos que aparecen recollidas nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, prorrogados para o exercicio 2018, ao considerar que ditas previsións con pequenas variacións aparecen recollidas na totalidade dos derradeiros orzamentos aprobados, polo que non cumpren ningún dos requisitos que se entenden esixibles para entender a súa vixencia con carácter anual e en consecuencia non prorrogables.*

Polo exposto, procede analizar a proposta achegada pola alcaldía á luz do recollido no artigo 19.Dos da Lei 3/2017, de 17 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, que ten o carácter de básico e que establece: “No se podrá proceder a la contratación de personal laboral, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto para casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.”

*Neste caso e dada a natureza das tarefas que van a desempeñar os traballadores contratados e que a contratación de persoal laboral temporal que pretende levarse a cabo ven derivada dunha subvención da Deputación da Coruña (PEL Concellos) que financia o 100 % dos custos derivados da contratación dos traballadores, **podería entenderse excepcionalada do cumprimento dos requisitos anteriormente** expostos polo espírito que motivou a súa elaboración e aprobación. Neste caso nos atopamos ante un **ingreso afectado que***

financiaría practicamente na súa totalidade o incremento de gastos de persoal do noso Concello.

En base ao anteriormente exposto e visto o informe previo de fiscalización favorable emitido por Secretaría-Intervención, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar con carácter singular a competencia para a aprobación do presente expediente debido a que non se celebrará ningunha sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local coa celeridade que require o inicio do expediente para a contratación do persoal, atendendo ás necesidades dos servizos municipais.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento público para proceder á selección de persoal laboral con carácter temporal para dous postos ao abeiro do Programa de fomento do emprego no medio rural (APROL rural)), dos seguintes postos:

- Dúas persoas especialistas forestais, durante 9 meses a xornada completa.

TERCEIRO.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección nos termos seguintes:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS POSTOS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2018)

LIMIAR

O Concello de San Sadurniño solicitou unha subvención ao abeiro das Bases de axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) publicadas no DOG núm. 26 do 06/02/2018.

Con data do 29/05/2018 a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria comunicou ao Concello de San Sadurniño a resolución favorable de concesión da devandita subvención, a través da cal contrataranse 2 Especialistas forestais.

Con base ao anterior elabóranse as seguintes bases que rexerán o proceso de contratación do dito persoal temporal.

BASES

PRIMEIRA.- O obxecto das presentes bases é marcar os criterios de selección de traballadores e traballadoras para cubrir dous postos de traballo temporal no marco da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural 2018).

SEGUNDA.- Os postos que se van contratar terán as seguintes características:

- *Posto e número: 2 Especialistas forestais, encargados de tarefas de limpeza de vías municipais e roza de maleza*
- *Contrato: Obra/Servizo de Interese social*
- *Duración: 9 meses*

- *Tipo de xornada: completa*
- *Retribucións (salario bruto mensual): 1.023,76 euros*

TERCEIRA.- *Os requisitos das persoas aspirantes son os seguintes:*

- *Demandantes de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), e non ter ocupación tanto no momento da selección como no da formalización do contrato*
- *Os traballadores e as traballadoras que foran contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados ao abeiro do presente programa*

CUARTA.- *O procedemento de selección será o seguinte:*

- *Introdución da oferta no SPEG, sondaxe e derivación dos candidatos e candidatas por parte do servizo, consonte o indicado no Artigo 14 da orde da convocatoria*
- *Fase de concurso: valoración de méritos*
- *Fase de oposición: proba*
- *Puntuación final e proposta de persoas candidatas á Alcaldía*

QUINTA.- *Na fase de concurso valoraranse as circunstancias persoais de cada aspirante, no que cada apartado se valorará con 1 punto ata un máximo de **4 puntos**:*

- *Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítima de violencia de xénero*
- *Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*
- *Persoas desempregadas de longa duración*
- *Persoas con discapacidade*
- *Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións ou subsidios por desemprego*
- *Persoas desempregadas maiores de 45 anos*
- *Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da RISGA*

- *Responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento*
- *Persoas que non cobren subsidio de desemprego nin outras rendas non contributivas*

SEXTA.- *A fase de oposición será valorada cun máximo de **6 puntos**, segundo o criterio do tribunal asignado, onde se valorarán os coñecementos sobre o posto a desenvolver.*

Nomeadamente realizarase unha proba escrita que versará sobre o coñecemento do Concello (parroquias, lugares ...), uso de maquinaria forestal ou medidas de seguridade, segundo se recolle no temario do Anexo I.

A non presentación á proba suporá a eliminación do proceso selectivo.

SÉTIMA.- *Unha vez rematada a valoración da fase de concurso e realizada a fase de oposición, o tribunal sumará os puntos obtidos por cada persoa candidata e propondrá á Alcaldía o nomeamento das persoas que obtivesen as dúas puntuacións máis elevadas.*

No caso de empate terán preferencia as persoas que non perciban ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate as persoas con data de maior antigüidade en situación de desemprego.

O resto de persoas que non fosen eliminadas durante o proceso selectivo formarán unha lista de agarda, á que se recorrerá no caso de ter que realizar contratacións de substitución das persoas seleccionadas inicialmente.

OITAVA.- *O tribunal estará composto polas seguintes persoas:*

Presidente: Juan José Rodríguez Sueiras ou traballador/a que o substitúa

Secretaria: Iria Díaz Gavela ou traballador/a que a substitúa

Vogal 1: Manuel Hermida López ou traballador/a que o substitúa

Vogal 2: Cristina Paz Galindo ou traballador/a que a substitúa

Vogal 3: Mónica Cibreiro Caneiro ou traballador/a que a substitúa

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

San Sadurniño, 6 de xuño de 2018

ANEXO I

TEMARIO:

1. *Parroquias e lugares de San Sadurniño*
2. *Principais vías de comunicación*
3. *Maquinaria precisa para os traballos de roza e limpeza de vías*
4. *Medidas de seguridade básicas para o uso de maquinaria e ferramentas”*

CUARTO.- Ordenar a remisión de oferta de emprego ao Servizo Galego de Colocación aos efectos do disposto na orde na que se establecen as bases para o ano 2018 de axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL rural); así como a publicación das presentes bases na páxina web e no taboleiro de anuncios municipais.

Asinada dixitalmente en San Sadurniño polo Alcalde, Secundino García Casal, na data que figura á marxe; do que eu Secretaria-Interventora municipal, Iria Luisa Díaz Gavela, dou fe.